Corpus Christi - Ponteareas

O Concello presenta o cartel para o Corpus Christi 2016

Presentou amais outras actividades como a participación de alfombristas na festa da Rosa en Monçao e no VI Congreso Internacional de Arte Efémero en Noto

O alcalde, Xosé Represas, e a concelleira de Cultura e Turismo, Hortensia Bautista, xunto a unha representación dos alfombristas que participarán no VI Congreso de Noto e na festa da Rosa en Monção, presentaron hoxe o cartel para a edición do Corpus Christi 2016. O cartel destaca o carácter de festa de interese turístico internacional, presidido por un ornamento típico das alfombras de Ponteareas.

O arte convertido en alfombra floral, con forte raizame na tradición de Ponteareas, terá un ano máis o seu lugar na festa da Rosa na vila arraiana de Monção. Unha delegación de alfombristadeseñará e elaborará unha nova alfombra naprazaCamoês desde as 6.00 até as 10.00 horas do vindeiro domingo 15 de maio. Os vilegos e turistas poderán contemplar o arte efémero até o paso da procesión da NossaSenhora da Rosa ás 17.00 horas.



Do 12 ao 15 de maio, unha delegación de alfombristasdo tramo 2 da PrazaMaior, que contará tamén coa asistenciado alcalde Xosé Represas e a concelleira de Cultura e Turismo Hortensia Bautistavan participar no VI Congreso Internacional de Arte Efémero en Noto (Sicilia, Italia), o evento máis relevante do presente ano para a internacionalización do Corpus de Ponteareas.

Amais, na semana seguinteao Corpus Christi navilapontearеá, outra delegación formada por alfombristasfará un intercambio, coma todos os anos, ávila tinerfeña de La Orotava, irmandada desde 1984, e ondetamén, por esas datas teñen por costumefacer alfombras florais.

O Club Natación Ponteareas ascende á Primeira División Galega



Despois de dúas tempadas en Segunda División, o Club Natación Ponteareas conseguiu a pasada fin de semana o segundo posto na final da Liga de Clubs desta categoría, unha posición que lle outorga o dereito a participar, a vindeira temporada, na Primeira División Galega. A final tivo lugar na Cañiza, contando o CN Ponteareas co papel de anfitrión por ter sido o primeiro clasificado na fase previa.

Os 22 nadadores e nadadoras de entre 14 e 25 anos competirán, deste xeito, nunha Primeira División integrada por outros 5 equipos da dimensión do CN Coruña, o CN Fluvial de Lugo, o CN Ciudad de Santiago, o CN Narón e o CN Portamiñá Lugo. "O obxectivo vai ser o de manter a categoría que acabamos de recuperar", recoñece a presidenta do club, Pilar Gallego, "pero no horizonte temos posta a meta de volver á División de Honor de Galicia (máxima categoría autonómica), na que xa estivemos non hai moitos anos".

Felicitamos aos deportistas polo ascenso e desexáronlles moita sorte para a nova etapa do Club Natación Ponteareas na Primeira División de Galicia.

